



EDLP COSTA SOSTIBLE 2027

PROCESO DE PARTICIPACIÓN | MAPA DE ACTUACIÓN

Aprobación: Asemblea Xeral GALP Costa Sostible, 21/09/22

	Prioridade A	As actuacións dos Obxectivos 1 a 5 están prioritizadas en función do interese para a zona pesqueira, considerando aspectos como importancia para a pesca ou a necesidade de maior apoio para impulsar proxectos.
	Prioridade B	
	Prioridade C	
<p>1. Aumento do <u>valor</u>, creación de <u>emprego</u>, valoración e fomento da <u>participación das mulleres</u>, atracción de <u>persoas mozas</u> e promoción da <u>innovación</u> en todas as fases da cadea de produción e subministración dos produtos da pesca e da acuicultura, e a mellora da <u>imaxe</u> destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa <u>incorporación á cultura alimentaria</u> do territorio.</p>		
<p>1.1. Aproveitamento sostible dos recursos mariños a través de iniciativas de <u>innovación</u> e da <u>economía circular</u>.</p>		
		1.1.1. Iniciativas empresariais de aproveitamento de algas, refugallos e outros recursos mariños infraexplotados .
		1.1.2. Iniciativas de I+D ou I+D+i para novos aproveitamentos sostibles dos recursos mariños
		1.1.3. Dotación de infraestrutura para fomentar novos aproveitamentos dos recursos mariños.
<p>1.2. Creación de valor engadido a través de novos emprendementos na <u>transformación, distribución e comercialización</u> de produtos do mar.</p>		
		1.2.1. Iniciativas de procesado e transformación de produtos do mar.
		1.2.2. Iniciativas de mellora da loxística de almacenamento e distribución dos produtos do mar para mellorar a competitividade.
		1.2.3. Iniciativas empresariais de comercialización dos produtos do mar.
<p>1.3. Promoción dos produtos locais da pesca costeira artesanal e da saúde e calidade alimentarias.</p>		
		1.3.1. Promoción en mercados obxectivo das marcas locais e dos produtos da pesca costeira artesanal así coma dos hábitos alimentarios saudables.
		1.3.2. Peixerías Km 0: creación e acondicionamento de postos de venda
		1.3.3. Misións comerciais en feiras e eventos profesionais para a promoción dos produtos pesqueiros locais.
		1.3.4. Implantación de sistemas de trazabilidade e/ou calidade e seguridade alimentaria.
<p>1.4. Dixitalización e modernización para a competitividade no sector do mar.</p>		
		1.4.1. Iniciativas de dixitalización e automatización de procesos produtivos.
		1.4.2. Modernización dos sistemas de vixilancia dos recursos mariños apoiados nas tecnoloxías.
		1.4.3. Dixitalización dos procesos administrativos e de prestación de servizos das entidades do sector pesqueiro.
<p>1.5. Remuda xeracional no sector da pesca a través da capacitación e a mellora das condicións de traballo.</p>		
		1.5.1. Campañas de valorización dos oficios do mar como saída laboral que contemplan accións específicas dirixidas ás mulleres.
		1.5.2. Obradoiros de capacitación para a remuda xeracional nos sectores da pesca
		1.5.3. Mellora das condicións de traballo no sector do mar, en particular nos sectores con maior presenza de mulleres.
<p>1.6. Apoio á acuicultura sostible.</p>		
		1.6.1. Creación e mellora de instalacións de produción acuícola sostible.
		1.6.2. Accións de promoción e comercialización dos produtos da acuicultura ligadas á saúde alimentaria.
<p>2. Fomento da <u>economía azul</u> nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio á <u>diversificación</u> dentro e fóra do sector da pesca comercial, a <u>aprendizaxe permanente</u> e a creación de <u>emprego</u> nas zonas pesqueiras e acuícolas.</p>		
<p>2.1. Integración do sector da pesca con outros sectores económicos.</p>		
		2.1.1. Iniciativas de servizos ao sector do mar e de promoción dos mesmos.
		2.1.2. Equipamentos, servizos e promoción de servizos de turismo mariñeiro que impliquen a interacción cos profesionais do sector da pesca.
		2.1.3. Creación ou mellora de establecementos de restauración integrados no selo Km 0 MarGalaica.
		2.1.4. Creación de aulas y mercados gastronómicos : espazos innovadores de presentación e degustación de produtos do mar.
<p>2.2. Apoio a novos sectores da economía azul sostible.</p>		
		2.2.1. Iniciativas de economía circular que impliquen reutilización ou aproveitamento de refugallos doutras actividades.
		2.2.2. Dotacións públicas de fomento da economía circular e da economía colaborativa .
		2.2.3. Iniciativas empresariais de servizos relacionados co medio ambiente mariño e costeiro .
<p>2.3. Mellora da oferta de servizos turísticos.</p>		
		2.3.1. Creación ou mellora de servizos de turismo náutico, activo e cultural ligados aos recursos culturais e naturais do territorio.
		2.3.2. Creación ou adaptación de servizos turísticos para o turismo inclusivo : adaptación a persoas con discapacidade.
		2.3.3. Accións ligadas a produtos estratéxicos dos Xeodestinos : turismo xacobeo, turismo náutico, destino de autocaravanning e turismo Starlight.
		2.3.4. Programas de capacitación no sector turístico que contemplan accións de captación dirixidas a mulleres, xoves e/ou outros colectivos vulnerables.
<p>2.4. Racionalización na oferta de aloxamento turístico e mellora da inclusión.</p>		
		2.4.1. Racionalización do aloxamento segundo acordo integrado no Pacto Local polo Territorio Costeiro Sostible.
<p>3. Impulso e aproveitamento do <u>patrimonio ambiental</u> das zonas pesqueiras e acuícolas, incluídas as operacións de mitigación do <u>cambio climático</u>.</p>		



3.1. Contribución á mitigación e adaptación ao cambio climático.

- 3.1.1. Iniciativas do **sector pesqueiro** para redución da pegada ecolóxica.
- 3.1.2. Actuacións de interese colectivo integradas nos **PACES municipais** nos eidos de xeración de enerxías, mobilidade sostible, xestión de augas e xestión de residuos.

3.2. Ordenación e posta en valor de praias e espazos naturais costeiros.

- 3.2.1. Adecuación de tramos da **Senda Litoral**.
- 3.2.2. Iniciativas de **corrección de impactos** negativos en áreas degradadas e/ou **ordenación de espazos** de interese natural que inclúen actuacións de accesibilidade.
- 3.2.4. Equipamentos e Iniciativas de **divulgación** dos valores e concienciación ambiental.

4. Fomento do **benestar social e do patrimonio cultural** das zonas pesqueiras e acuícolas, incluíndo o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo.

4.1. Impulso dos servizos contra o despoboamento: conciliación, atención á dependencia e xuventude.

- 4.1.1. Iniciativas de servizos de **atención a dependentes** e/ou **persoas con discapacidade**.
- 4.1.2. Iniciativas de servizos que axudan á **conciliación** da vida laboral e familiar das persoas profesionais do sector da pesca.
- 4.1.3. Dotación de espazos e servizos para a **creatividade artística e a cultura urbana** destinados á mocidade.
- 4.1.4. Melloras en instalacións e equipamentos ou na dixitalización dos **clubs deportivos de actividades náuticas** para reforzo da oferta deportiva non turística.

4.2. Posta en valor da cultura mariñeira.

- 4.2.1. Equipamentos **museográficos** para a posta en valor do patrimonio cultural mariñeiro.
- 4.2.2. Rehabilitación e posta en valor de **patrimonio cultural mariñeiro**.
- 4.2.3. Posta en valor das **embarcacións tradicionais** e creación ou mellora de mariñas.
- 4.2.4. **Investigación, protección e difusión** da cultura mariñeira con participación de persoal investigador e que inclúe a perspectiva de xénero.
- 4.2.5. Iniciativas de difusión e posta en valor do **patrimonio somerxido**.
- 4.2.6. Accións integradas no **Plan Director da Cultura Marítima de Galicia**.

5. Reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e da **gobernanza** dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais.

5.1. Apoio á coxestión e á profesionalización das entidades pesqueiras.

- 5.1.1. Apoio á coxestión e gobernanza das **reservas mariñas** de interese pesqueiro.
- 5.1.2. **Vixilancia e protección** dos recursos mariños nas reservas mariñas de interese pesqueiro.
- 5.1.3. Asistencia técnica a iniciativas colectivas para **creación de OPP** (Organizacións de Produtores Pesqueiros).
- 5.1.4. Mellora da **capacitación dos órganos de goberno** das entidades colectivas do sector da pesca.

5.2. Avance na igualdade de xénero e inclusión social.

- 5.2.1. Implantación ou desenvolvemento da **estratexias de RSC** en entidades colectivas do sector pesqueiro, que contemplan a igualdade de xénero
- 5.2.2. Iniciativas que favorezan a visibilización e integración de **colectivos vulnerables** ou en risco de exclusión.

6. Cooperación.

6.1. Colaboración en iniciativas de interese compartido con outras zonas pesqueiras.

- 6.1.1. Iniciativas de cooperación.